

# BANDO

**DON JOSÉ CELA CAMIÑO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MORAÑA  
FAI SABER:**

Que o Instituto de Estudos do Territorio , en base a Resolución de 29 de marzo de 2021, **pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos, e se establece a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento MT402A). (DOG n° 68 do 13 de abril de 2021).**

**→ BENEFICIARIAS/OS:**

- a) As persoas físicas titulares dun ben inmovible.
- b) As comunidades e as agrupacións de comunidades de persoas propietarias.

**→ O importe da subvención será do 70 % do orzamento do investimento subvencionable, co límite máximo de 3.000 €.**

**→ OBXECTO DE SUBVENCIÓN :**

- Tratamento de paredes medianeiras vistas.
- Revestimento e pintado de fachadas.
- Renovación do acabado exterior das fachadas de edificacións (paramentos e carpintarías).
- Remate exterior de cubertas mediante a instalación ben de tella cerámica
- Acondicionamento e mellora de peches de predios de gran dimensión (altura superior a 1,50 metros).
- Revestimento de muros de cerramento de predios realizados con bloques de formigón, con fábrica de pedra semellante á cachotaría tradicional.
- Substitución de celosías e outros tipos semellantes de pezas prefabricadas de cerámica ou de formigón, en cerramentos de predios.

**→ PRAZO DE SOLICITUDES: ATA O 31/05/2021**

Preferiblemente por **vía electrónica** a través do formulario normalizado, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ( <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MT402A&ano=2021&numpub=1&lang=es> ) .

Opcionalmente, poderá presentarse as solicitudes **presenciais** no Rexistro xeral da Xunta de Galicia ou dende o Concello.

**→ INFORMACIÓN:**

Para máis información e tramitación poden acudir ás oficinas do Concello ou a:  
**Instituto de Estudos do Territorio (IET) - San Lázaro, s/n Santiago de Compostela**

**Teléfonos:** 981541768 / 981541755 / 986553005

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**

**Concello de Moraña**

